Avaliación do alumnado con cualificación positiva nos dous primeiros trimestres	<p>Procedementos:</p> <p>Os procedementos de avaliación para os dous primeiros trimestres son os recollidos na programación didáctica da materia de Relixión católica e aplicados ata a finalización do 2º trimestre (13 de marzo de 2020).</p> <p>Para o terceiro trimestre deseñaremos algunhas actividades ou proxectos en conxunto coa materia de Arts&Crafts, o que nos permitirá unir especialmente os valores cristiáns traballados durante os trimestres anteriores coa faceta máis artística do alumnado.</p> <p>O obxectivo principal das tarefas propostas neste período excepcional será buscar o benestar emocional dos alumnos e alumnas e convidalos a facer actividades en familia que propicien pasar tempo de calidade coas persoas coas que conviven.</p> <p>Os procedementos de avaliación basearanse en actividades realizadas e entregadas de xeito telemático como creacións artísticas de diversa índole, reflexións escritas sobre o tempo de confinamento e algunhas cuestións de comprensión audiovisual.</p> <p>Na actualidade todo o alumnado de primaria mostrou conectividade e capacidade de recepción de tarefas a través da plataforma de ensinanza <i>Esemtia School</i> utilizada polo centro.</p>
Avaliación do alumnado con cualificación positiva nos dous primeiros trimestres	<p>Instrumentos:</p> <p>Para a avaliación a partir desa data utilizaranse como instrumentos a entrega das tarefas telemáticas semanais dentro do prazo de entrega proposto. As tarefas serán de diferentes tipos:</p> <ul style="list-style-type: none">• visionado de vídeos e resolución de actividades propostas a partir destes• gravación / creación de vídeos ou fotografías• producións artísticas nas que se requiran diferentes técnicas plásticas <p>Partindo do coñecemento profundo que temos do noso alumnado, grazas á observación directa na aula feita nos trimestres anteriores, teranse en conta na avaliación: a correcta realización das actividades propostas seguindo as instrucións dadas; a boa presentación e pulcritude nos traballos; a variedade e orixinalidade na resolución das tarefas; a evolución persoal do alumno respecto aos trimestres anteriores.</p> <p>Hai un moi baixo número de alumnos que, pese a estar recibindo as actividades pola plataforma do centro, amosa dificultades para o envío periódico das tarefas que vai realizando. Neste caso, faise un seguimento semanal da realización das tarefas por parte do alumnado, os titores de cada curso farán videochamadas para establecer contacto e facilítanse outros medios de comunicación como o correo electrónico da mestra para enviar as tarefas.</p>
Cualificación final do alumnado con cualificación positiva nos dous primeiros trimestres	<p>A cualificación final obterase da media aritmética da cualificación obtida nos dous primeiros trimestres podendo ser mellorada ata o máximo dun punto a través da realización das actividades avaliadas propostas ao longo do terceiro trimestre. O alumnado non se verá perxudicado en ningún caso pola situación excepcional que estamos vivindo, polo que a cualificación final nunca será inferior a media aritmética obtida nos dous trimestres anteriores.</p>

Avaliación do alumnado con cualificación negativa nalgún ou nos dous trimestres anteriores	Procedementos e instrumentos de avaliación: Neste curso non hai alumnado con cualificación negativa nos trimestres anteriores, polo que non deseñamos ningún plan de actuación específico.
Cualificación final do alumnado con cualificación negativa nalgún ou nos dous trimestres anteriores	Neste curso non hai alumnado con cualificación negativa nos trimestres anteriores, polo que non deseñamos ningún plan de calificación específico.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	Elaboración de actividades ou proxectos artísticos propostos en conxunto coa materia de Arts&Crafts (realización de manualidades, fotografías ou gravación de vídeos); reflexións por escrito sobre algún tema proposto; lecturas comprensivas; actividades de comprensión audiovisual.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Posto que todo o alumnado do centro mostrou conectividade, todos seguirán a mesma metodoloxía, coa única excepción da vía de entrega das tarefas pois, nalgún caso excepcional, teñen dificultade na entrega telemática a través da plataforma aínda que non teñan problemas de recepción.</p> <p>A metodoloxía basearase no envío do material educativo a través da plataforma educativa do centro (Esemtia School). Buscarase a aprendizaxe en familia do alumnado e propiciar o diálogo, a unión e os momentos compartidos coas persoas que conviven.</p> <p>Alén diso, o profesorado procurará ofrecer apoio emocional, loxístico e acompañamento ás familias e ao alumnado.</p> <p>Terase en conta o esforzo realizado durante esta avaliación excepcional, así como a situación emocional, as dificultades socio-económicas e as circunstancias persoais que puidesen afectar á consecución dos obxectivos establecidos.</p>
Materiais e recursos	O principal recurso será a plataforma educativa do centro. Tamén se utilizará material creado polo mestre (vídeos, documentos, xogos...) e materiais dispoñibles na rede en diferentes webs ou blogs educativos.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A través da plataforma Moodle e de Esemtia School.
Publicidade	Publicación na páxina web do centro.

OBSERVACIÓNS:

A adaptación das Programacións didácticas do curso 2019/2020 levaranse a cabo en cumprimento da Orde EFP/365/2020 do 22 de abril, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021, ante a situación de crise ocasionada polo COVID-19 e as Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPR PLURILINGÜE VIRXE MILAGROSA BUEU

CURSO: 1º EDUCACIÓN PRIMARIA

MATERIAS: Lingua Castelá, Lingua Galega, Matemáticas, Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais

DEPARTAMENTO:

DATA: 4 de Maio do 2020

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles**
 - 1.1 **Lingua Castelá**
 - 1.2 **Lingua Galega**
 - 1.3 **Matemáticas**
 - 1.4 **Ciencias da Natureza**
 - 1.5 **Ciencias Sociais**
2. **Avaliación e cualificación: Común a todas as materias mencionadas**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación): común a todas as materias mencionadas**
4. **Información e publicidade: común a todas as materias mencionadas**

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1 DE 11	CENTRO: CPR PLURILINGÜE VIRXE MILAGROSA BUEU CURSO: 1º EP MATERIA: TODAS AS MENCIONADAS
--	-------------------	--

1.1 Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles Lingua Castelá

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. Participar en situacións de comunicación dirixidas	1.1 Expresa de forma global sentimentos, vivencias e emocións propias.
2. Expresarse e comunicarse de forma oral e con certa coherencia para satisfacer as necesidades de comunicación	2.1 Participa en situacións de comunicación: exposicións orais moi guiadas
3. Comprender o sentido global dun texto oral e Identificar información relevantes.	3.1 Comprende o sentido global de textos orais de uso habitual
4. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de comunicación	4.1 Identifica as ideas xerais en reportaxes audiovisual sobre temas do seu interese
5. Expresarse de forma oral con vocabulario axeitado e unha secuencia coherente.	5.1 Describe, de forma sinxela, persoas, animais obxectos e lugares seguindo unha orde coherente
6. Ler en voz alta diferentes tipos de textos infantís breves e sinxelos.	6.1 Lee con pronunciación e entoación axeitada, textos sinxelos, de variada tipoloxía, breves e adaptados á súa idade
7. Mostrar interese e gusto pola lectura.	7.1 Expresa o gusto pola lectura como fonte de lecer 7.2 Explica, de xeito sinxelo, as súas preferencias lectoras.
8. Interiorizar e utilizar as normas básicas de escritura e os seus aspectos gráficos	8.1 Relaciona os códigos oral e escrito: consolida aspectos grafomotores e grafías da Lingua castelá en palabras significativas.
9. Producir, con axuda, un textos atendendo a aspectos esenciais do formato	9.1 Escribe, con axuda, textos moi sinxelos propios do ámbito escolar e social: listas, notas, normas, felicitacións, instrucións, contos, anécdotas...
10. Aplicar os coñecementos gramáticos básicos sobre a estrutura da lingua.	10.1 Desenvolve a conciencia fonolóxica: identifica sílabas e fonemas como elementos fundamentais da palabra. 10.2 Distingue xénero e número en palabras habituais. 10.3 Utiliza adecuadamente os artigos nos textos orais e escritos
11. Mellorar o coñecemento da lingua e sistematizar a adquisición de vocabulario.	11.1 Relaciona sinónimos e antónimos básicos en parellas de palabras significativas. 11.2 Establece comparacións entre distintos elementos.
12. Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas para favorecer unha comunicación máis eficaz.	12.1 Utiliza de forma correcta os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos significativos sinxelos e seguindo modelos.

13. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	13.1 Forma e ordena correctamente oracións simples para compoñer textos sinxelos.
14. Utilizar programas e aplicacións educativas dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.	14.1 Utiliza de xeito guiado, distintos programas e aplicacións educativos dixitais como ferramenta de aprendizaxe.

1.2 Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles Lingua Galega	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. Comprender a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos próximos á experiencia infantil.	1.1 Comprende a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos próximos á experiencia infantil.
2. Comprender informacións audiovisuais sinxelas de carácter específico procedentes de diferentes soportes	2.1 Comprende informacións relevantes e específicas moi evidentes de documentos audiovisuais sinxelos que presenten imaxes e/ou sons moi redundantes co contido.
3. Participar nas diversas situacións de interacción oral amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral	3.1 Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais. 3.2 Mantén o tema nun intercambio comunicativo oral, mostra interese e unha actitude receptiva de escoita
4. Comprender a información explícita en textos sinxelos	4.1 Comprende a información relevante de textos sinxelos
5. Ler, de forma guiada, textos sinxelos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.	5.1 Le textos sinxelos en voz alta, acadando progresivamente a velocidade axeitada.
6. Producir e reescribir textos sinxelos respectando as convencións elementais da escrita.	6.1 Produce e reescribe textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos. 6.2 Elabora pequenos textos con certa coherencia e de xeito creativo. 6.3 Usa o punto nos seus escritos.
7. Utilizar recursos gráficos, como a ilustración, que faciliten a comprensión dos textos.	7.1 Ilustra creativamente os seus escritos con imaxes redundantes co seu contido
8. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical moi básica, como apoio á comprensión e á produción de textos.	8.1 Recoñece nos textos palabras e sílabas 8.2 Diferencia as sílabas que conforman cada palabra.
9. Coñecer, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas.	9.1 Coñece, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas e as

	emprega nas súas composicións
10. Recoñecer a relación entre son e grafía así como as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.	10.1 Separa as palabras que conforman un enunciado.
11. Recrear e reescribir de xeito moi sinxelo diversos textos literarios, usando modelos.	11.1 Recrea e reescribe de xeito moi sinxelo diversos textos literarios: breves contos, poemas, adiviñas... e usando modelos.
12. Comprende informacións audiovisuais sinxelas	12.1 Comprende informacións relevantes sinxelas

1.3 Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles Matemáticas	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. Iniciarse na utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe coa axuda guiada do adulto	1.1. Manifesta interese na utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe.
2. Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados.	2.1 Le, escribe e ordena números ata o 79
3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	3.1 Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de suma na resolución de problemas contextualizados. 3.2 Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de resta (sen levadas) na resolución de problemas contextualizados.
4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	4.1 Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados
5. Iníciase no coñecemento das unidades básicas de medida do tempo e as súas relacións, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.	5.1 Coñece e utiliza as unidades de medida do tempo e as súas relación: día, semana e ano.
6. Interpretar representacións espaciais sinxelas realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares.	6.1 Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a un mesmo utilizando diferentes conceptos

7. Coñecer as figuras planas básicas: cadrado, círculo, rectángulo e triángulo.	7.1 Recoñece formas rectangulares, triangulares e circulares en obxectos do contorno inmediato.
8. Recoller e rexistrar unha información que se poida cuantificar, utilizando algúns recursos sinxelos de representación gráfica: táboas de datos ou bloques de barras	8.1 Rexistra e interpreta datos sinxelos en representacións gráficas básicas. 8.2 Resolve sinxelos problemas nos que interveña a lectura de gráficos.
9. Utilizar, coa guía do adulto, os medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe e para a resolución de problemas.	9.1 Utiliza os medios tecnolóxicos na resolución de problemas.

1.4 Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles Ciencias da Natureza	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. .Buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes.	1.1 Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado de forma oral e escrita, de maneira limpa, clara e ordenada, en diferentes soportes
2. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas	2.1 Identifica semellanzas e diferenzas entre as persoas 2. 2 Recoñece partes do propio corpo
3.Coñecer e valorar a práctica de determinados hábitos: a hixiene persoal, a alimentación variada, o exercicio físico regulado sen excesos ou o descanso diario.	3.1 Relaciona a vida saudable cunha alimentación adecuada. 3.2 Relaciona o exercicio físico, os hábitos de hixiene e o tempo de lecer coa propia saúde.
4. Identificar e explicar en diferentes soportes, as principais características das plantas e dos animais	4.1 Coñece as principais diferenzas entre plantas e animais 4.2. Identifica e describe, con criterios elementais, animais e plantas do seu contorno.
5..Adoptar medidas de protección medioambientais e poñelas en práctica na escola.	5.1 Comprende a importancia de reducir, reutilizar e reciclar obxectos

1.5 Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles Ciencias Sociais	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. Realizar traballos que partan do establecemento da observación e extraer conclusións e comunicalas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC.	1.1 Recolle información a través da observación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes de obtén conclusións sinxelas e as comunica.
2. Coñecer e iniciarse no emprego da terminoloxía propia da área.	2.1 Identifica a terminoloxía propia da área.
3. Identificar os elementos principais da contorna partindo do máis próximo a través da observación e uso das TIC.	3.1 Elabora e recolle información sobre aspectos da súa contorna natural, empregando imaxes, debuxos e outras fontes incluídas as TIC. 3.2 Describe os elementos básicos da súa contorna máis próxima.
4. Recoñecer e valorar a importancia que a auga e o aire teñen para a vida e reflexionar sobre a importancia que o uso responsable ten na súa contorna máis próxima.	4.1 Explica, de forma sinxela, a importancia que o uso responsable destes elementos ten na súa contorna máis próxima
5. Coñecer os fenómenos atmosféricos e describir os que xorden con máis frecuencia na súa contorna identificándoos nun mapa do tempo.	5.1 Nomea os fenómenos atmosféricos máis habituais no seu espazo próximo e interpreta a simboloxía básica nun mapa do tempo.
6. Diferenciar entre os elementos naturais e os producidos pola man do home existentes na contorna próxima poñendo exemplos.	6.1 Diferencia entre elementos da paisaxe natural e a construída polo home.
7. Valorar a importancia que ten para a vida dos seres vivos o coidado dos elementos da paisaxe máis próxima.	7.1 Identifica algunha medida para a conservación da natureza máis próxima
8. Recoñecer as relacións simples de parentesco familiar identificándose, situándose e valorando á pertenza a unha familia	8.1 Identifica as relacións de parentesco, discrimina os roles familiares
9. Identificar as partes da casa e o uso que se fai nelas	9.1 Identifica as partes da casa e coñece e explica o uso que se fai delas.
10. Coñecer as características básicas da contorna próxima e diferenciar os conceptos de cidade, vila, aldea.	10.1 Coñece a diferenza entre cidade, vila e aldea
11. Coñecer os medios de transporte do seu ámbito e as características fundamentais	11.1 Clasifica os diferentes medios de transporte da contorna segundo os seus usos, funcións e características.

<p>12. Observar e discriminar diferentes elementos viarios que debera recoñecer un peón ou peoa para unha circulación óptima pola rúa.</p>	<p>12.1 Coñece as sinais de tráfico necesarias para camiñar pola rúa correctamente: cores dos semáforos, pasos de peóns ou peoas...</p>
<p>13. Ser consciente do paso do tempo empregando, como unidades de medida, os días, as semanas, os meses, o ano, as estacións e o calendario como instrumento para medir e representar o paso tempo.</p>	<p>13.1 Sabe o número de días que ten unha semana e os meses, nomea os meses do ano e diferencia as estacións segundo as súas características</p>

2. Avaliación e cualificación (común ás materias mencionadas)

Avaliación de alumnado con calificación positiva nos dous primeiros trimestres	<p><u>Procedementos:</u> Para o alumnado cos dous primeiros trimestres superados proporánse no terceiro trimestre actividades de reforzo e repaso e ampliación do terceiro trimestre.</p> <p>Os procedementos de avaliación basearíanse na análise e valoración de actividades sinxelas como escribir, completar ou unir con palabras, pequenas frases ou textos sinxelos, cálculo de operacións matemáticas ou resolución de problemas e lecturas comprensivas de cada materia, actividades plásticas e dinámicas... entregadas de xeito telemático, tendo un rexistro e control das mesmas.</p> <p>Na actualidade todo o alumnado de primaria mostrou conectividade e capacidade de recepción de tarefas a través da plataforma de ensinanza utilizada polo centro. (Esemtia School).</p>
	<p><u>Instrumentos:</u> Os instrumentos de avaliación para os dous primeiros trimestres son os recollidos nas respectivas programacións didácticas e aplicados ata a finalización do 2º trimestre (13 de marzo).</p> <p>Para a avaliación das tarefas realizadas a partir desa data utilizaranse como instrumentos de avaliación a entrega das tarefas telemáticas propostas semanalmente(proporanse actividades de xeito semanal para todas as materias cun prazo de entrega dunha semana), a súa correcta realización e presentación das actividades realizadas, gravacións de vídeos ou audios, a correcta expresión e linguaxe utilizada, variedade e adecuación do léxico relativo á materia e á súa idade, exercicios escritos, realización de exercicios online a través da plataforma dixital Santillana e outras páxinas web, entrevistas e exposicións de traballos a través das viodeochamadas entre outras.</p> <p>Terase tamén en conta a evolución persoal do alumno respecto aos trimestres anteriores.</p> <p>Hai un moi baixo número de alumnado que, pese a estar recibindo as actividades pola plataforma do centro, amosa dificultades para o envío periódico das actividades que vai realizando. Neste caso faise un seguimento semanal da realización das tarefas por parte do alumno/a, mediante correos individuais a través da plataforma Esemtia ou facilitando un e-mail persoal do mestre ao que enviar as tarefas ou incluso chamadas telefónicas nalgúns casos.</p>
Cualificación final do alumnado con calificación positiva nos dous	<p><u>Procedemento para obter a cualificación final de curso:</u> A cualificación final obtense como media aritmética da cualificación obtida nos dous primeiros trimestres podendo ser mellorada 1 punto a través da realización das actividades propostas ao longo do terceiro trimestre. En</p>

<p>primeiros trimestres.</p>	<p>ningún caso a calificación final será inferior á media aritmética obtida nos trimestres anteriores.</p> <p>No caso de alumnado que transmitise dificultade de envío telemático de tarefas, non se terá en conta o criterio de prazo de entrega, obtendo a calificación final por ponderación do resto de instrumentos de avaliación das tarefas entregadas ata a data de avaliación.</p>
<p>Avaliación de alumnado con calificación negativa nos trimestres anteriores.</p>	<p><u>Procedementos:</u></p> <p>Proporáanse no terceiro trimestre actividades de reforzo, recuperación, repaso e ampliación que abarcarán os contidos vistos ao longo do curso baseándose nos obxectivos mínimos e nas competencias básicas de etapa.</p> <p>Os procedementos de avaliación basearánse en actividades realizadas e entregadas de xeito telemático: gravacións de vídeos e audios, observación e corrección das actividades diarias, entrevistas, exposicións e actividades propostas a través de videochamadas e producións escritas do alumno/a.</p> <p>Na actualidade todo o alumnado de primaria mostrou conectividade e capacidade de recepción de tarefas a través da plataforma de ensinanza utilizada polo centro. (Esemtia School).</p>
	<p><u>Instrumentos:</u></p> <p>Os instrumentos de avaliación para os dous primeiros trimestres son os recollidos nas respectivas programacións didácticas e aplicados ata a finalización do 2º trimestre (13 de marzo).</p> <p>Para a avaliación das tarefas realizadas a partir desa data utilizaranse como instrumentos de avaliación a entrega das tarefas telemáticas propostas semanalmente(proporáanse actividades de xeito semanal para todas as materias cun prazo de entrega dunha semana), a súa correcta realización e presentación: gravacións de vídeos ou audios, exercicios escritos, realización de exercicios online a través da plataforma dixital Santillana e outras páxinas web, entrevistas e exposicións de traballos a través das videochamadas entre outras.</p> <p>Terase tamén en conta a evolución persoal do alumno respecto aos trimestres anteriores.</p> <p>Hai un moi baixo número de alumnado que, pese a estar recibindo as actividades pola plataforma do centro, amosa dificultades para o envío periódico das actividades que vai realizando. Neste caso faise un seguimento semanal da realización das tarefas por parte do alumno/a, mediante correos individuais a través da plataforma Esemtia ou facilitando un e-mail persoal do mestre ao que enviar as tarefas ou incluso chamadas telefónicas nalgúns casos.</p>

Cualificación final do alumnado con calificación negativa nos trimestres anteriores.	<p>No caso do alumnado con calificación negativa nos trimestres anteriores, a súa calificación final non superará o 6. Esta calificación estará baseada nas tarefas realizadas ao longo do terceiro trimestre por vía telemática e nos criterios de avaliación especificados no apartado 1 cos instrumentos de avaliación propostos xa neste mesmo apartado.</p> <p>No caso de alumnado que transmitise dificultade de envío telemático de tarefas, non se terá en conta o criterio de prazo de entrega, obtendo a calificación final por ponderación do resto de instrumentos de avaliación das tarefas entregadas ata a data de avaliación.</p>
---	---

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) común ás materias mencionadas	
Actividades	<p>Resolución de actividades escritas, lecturas comprensivas, reolución de problemas, visionado de videos, realización de gravacións, actividades plásticas, xogos interactivos, videochamada..</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Posto que todo o alumnado do centro mostrou conectividade, todos seguirán a mesma metodoloxía, coa única excepción da vía de entrega das tarefas pois nalgún caso excepcional, non teñen posibilidade de entrega telemática nos prazos establecidos aínda que sí de recepción.</p> <p>A metodoloxía basearase na recepción do material educativo a través da plataforma educativa do centro (Esemtia School) e a conexión co profesorado a través das aulas virtuais da mesma plataforma.</p> <p>Buscarase a aprendizaxe autónoma do alumnado co seguimento periódico do profesorado.</p>
Materiais e recursos	<p>O principal recurso de envío e de recepción de tarefas será a plataforma educativa do centro (Esemtia School),</p> <p>Así mesmo, proporcionarase o uso da plataforma virtual da editorial Santillana (Proxecto Saber Contigo), recursos de ampliación e reforzo da propia editorial, materiais web de libre disposición como son os videos, os xogos online ou actividades interactivas, recursos de elaboración propia por parte do profesorado e ademais disto, o apoio dos libros de texto e outro material como cadernos de escritura, de lectura ou de operacións que xa se viñan empregando anteriormente.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A través da plataforma Moodle (Esemtia School) en nalgúns casos a plataforma Esemtia, correo electrónico persoal do mestre ou mesmo chamadas telefónicas.
Publicidade	Publicación na páxina web e Facebook do centro.

OBSERVACIÓNS:

A adaptación das Programación didácticas do curso 2019/2020 levaráanse a cabo en cumprimento da Orde EFP/365/2020, de 22 de abril, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021, ante a situación de crise ocasionada polo COVID-19 e as Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 11 DE 11	CENTRO: CPR PLURILINGÜE VIRXE MILAGROSA BUEU CURSO: 1º EP MATERIA: TODAS AS MENCIONADAS
---	-----------------	--